

POXA PÚBLICA PARA A COMPRAVENDA E/OU CONSTITUCIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE EN PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DA ZONA DENOMINADA ÁREA LOXÍSTICA EMPRESARIAL DA PLATAFORMA LOXÍSTICA E INDUSTRIAL DE SALVATERRA DE MIÑO - AS NEVES (PLISAN).

EXPEDIENTE: PLISAN 2021/COMPRAVENDA-(2)-LE

**ACTA DE APERTURA DAS PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS (SOBRE B)
ORDE DO DÍA**

1. Constitución da Mesa de licitación.
2. Apertura das proposicións económicas (Sobre B).
3. Acordos da Mesa. Propostas de adxudicación

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE LICITACIÓN.

Data:	07/10/2021	Hora:	13:00 horas
Lugar:	Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela. Sala de Xuntas da Dirección Xeral do IGVS (5º andar), por motivos de aforo.		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de licitación para proceder á apertura das proposicións económicas correspondentes ao expediente de referencia, publicado o 3 de xuño no Diario Oficial de Galicia (n.º 103), coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENTE	José Luis Estévez Sobrino	Xefe do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo do IGVS
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Asesor Xurídico do IGVS.
	Mª Sagrario Roel Alonso	Xefa do Servizo de Coordinación e Supervisión do Control Financeiro Permanente de ATRIGA. Intervención Xeral.
	Rosa Eguizábal Gándara	Directora de Promoción Económica. Consorcio Zona Franca de Vigo
	Beatriz Colunga Fidalgo	Directora. Autoridade Portuaria de Vigo
	Javier Suárez García	Asesor Xurídico da Comisión de Seguimento da PLISAN
SECRETARIA	Beatriz Garabal Barreiro	Xefa do Servizo de Contratación do IGVS



2.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS (SOBRE B).

Previamente á apertura do sobre B, recórdase que que non houbera trámite de emenda do sobre A ao presentar correctamente a súa documentación administrativa ó único licitador presentado, GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.

Igualmente constátase que non houbo solicitudes de asistencia ao presente acto.

A continuación, o Presidente da Mesa declara aberto o acto público, procedéndose pola secretaria da Mesa á apertura da proposición económica (Sobre B) co seguinte resultado:

LICITADOR	PARCELAS SOLICITADAS	OPCIÓN	PREZO BASE (sen IVE)	PREZO OFERTADO (sen IVE)
GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	LE – 4.3	Dereito de superficie	188.613,76€	188.614,80 €

Concluída a apertura, e dado que non existen máis ofertas presentadas, ao abeiro do disposto na Cláusula G do Prego de Condicións da poxa declárase rematado o acto sen que se celebre a poxa pública.

3.- ACORDOS DA MESA. PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN.

De conformidade co anterior, ao abeiro do disposto na Cláusula I do Prego de Condicións da poxa, a Mesa de licitación acorda propoñer ao Director Xeral do IGVS, previo Informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, a adxudicación da parcela solicitada ao licitador:

ADXUDICATARIO	PARCELA	SUPERFICIE M ²	OPCIÓN	PREZO DE REMATE
GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	LE – 4.3	2.630,23	Dereito de superficie	188.614,80 €

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.

Asínase electronicamente a presente Acta polo Presidente e a Secretaria.

O PRESIDENTE

José Luis Estévez Sobrino

A SECRETARIA

Beatriz Garabal Barreiro

